

IES ALEXANDRE BÓVEDA (VIGO)

# HISTORIAS DA CONSERXARÍA

CONTIÑOS DO ALUMNADO DE 3º DE ESO



DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA  
XUÑO 2016



# ÍNDICE

LIMIAR .....	5
RECREOS DE QUINCE MINUTOS .....	7
AS PINTADAS MISTERIOSAS .....	9
O PODER DAS ESTRELAS .....	11
MACACOS ACADÉMICOS .....	13
O DETECTIVE ALFONSO .....	15
SEMPRE SE ATOPA UNHA SOLUCIÓN .....	18
O MONSTRO XELATINOSO .....	20



## LIMIAR

Un ano máis presentamos un monllo de textos de rapaces e raparigas de 3º de ESO. Son contíños divertidos que idearon con moita imaxinación. Partían dunha pregunta moi sinxela: que pode acontecer ao longo do curso na conserxaría do instituto?

Como veredes son sete contíños entretidos e moi ben redactados, nos que se amosa certa elaboracion e moita vontade de divertir.

Quero dar as grazas a todo o alumnado de 3º de ESO que participou neste proxecto. Esta selección é só unha mostra da capacidade creativa de máis de cen estudantes deste nivel.

Veña, xa chega de lerias. O importante é o que vén a seguir. Que teñades unha boa lectura.

A todo o persoal non docente

DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA



## RECREOS DE QUINCE MINUTOS

### Alexia Ares Chang (3º ESO-D)

Era principios de setembro e as clases estaban a piques de comezar. Este sería o primeiro ano para Alfonso naquel centro, mais non como alumno, senón como conserxe. Había un ano dende que andaba á procura dun traballo e, aínda que non era o que el desexaba, non tiña outra opción se quería vivir decentemente.

Os primeiros días, foron horribéis. Alfonso esquecíase da situación das aulas, perdíase entre tantas portas... Á parte diso, todo ía mellor do que esperaba. Sobre todo, dende que coñeceu os demais conserxes: Carmen, Antonio, Patricia... Ai, Patricia! Aquela moza, de longos e claros cabelos; de ollos ruzos e grandes; de doce e branca fasquía. Dende que a viu, Alfonso ficou completamente prendido dela. Resultáballe imposible non pensar na súa compañeira.

Os días pasaban, e nun abrir e pechar de ollos, xaneiro xa rematara. O entroido chegara e os conserxes e algúns profesores puxéranse de acordo para se disfrazar: a temática era os anos oitenta. Alfonso escollera unha camisa de lunares azuis e un pantalón solto; Carme, ía cun vestido raiado e o cabelo recollido; o profesor de galego, Ildfonso, puxérase unha chaqueta de coiro negra cuns vaqueiros. Porén, sen dúbida, quen máis destacaba, era Patricia: pantalóns negros e axustados, unha camisa que deixaba ao descuberto o seu ombreiro dereito e o cabelo solto e enguedellado. Aquel día, mentres os rapaces actuaban, Alfonso e mais o seu amor bailaron, comeron, riron... Pasárono moi ben. No entanto, o namorado seguía sen se atrever a lle dicir o que sentía a Patricia.

Estaban na derradeira semana do curso. Pasara todo tan rápido... Alfonso aínda lembraba á perfección cando vira a Patricia por primeira vez. Cada recreo xuntos, coñecéndose un chisco máis: no Nadal, vestidos de vermello e con barbas postizas; o aniversario de Patricia, ao que foi convidado; aquela excursión ao monte no magosto, comendo castañas. Mais o que nunca esquecería, sería aquela vez na que Patricia lle dixo, fitándoo aos ollos, que o consideraba un amigo de verdade. A finais da semana, Alfonso convencérase de que o mellor sería contarlle a Patricia, dicirlle o que sentía. Non podía pasar o verán sen saber que sentía ela; quizais nada. Quen sabe se ela estaba namorada tamén? Así que, disposto a falar con ela, entrou en conserxaría. Patricia falaba por teléfono e sorría. Colleu a súa chaqueta e dirixiuse á porta. Alfonso parouna, sorprendido pola súa propia reacción. Non podía deixala marchar aínda, tiñan que falar. Patricia preguntoulle que ocorría e díxolle que tiña pouco tempo, pois quedara co seu mozo. Alfonso ficou xeado, afastouse e deixouna ir. É verdade, tiña o corazón roto. Patricia gustáballe de verdade, mais talvez era mellor aquilo, cada un polo seu camiño, aínda que se cruzasen todos os días nos recreos de quince minutos.





## AS PINTADAS MISTERIOSAS

**Celia García Blanco (3º ESO–B)**

A Alfonso, conserxe do IES Alexandre Bóveda, pasáronlle unha morea de cousas, mais ningunha como aquela.

Pois resulta que hai unha semana apareceron pintadas polo instituto e non sabía que facer nin quen era o artista. Tentou de todo, mais sen resultado. A persoa que as fixera era todo un bardo, mais non de cousas bonitas nin románticas, senón de cousas absurdas e parvas.

Non había pegadas nin manchas no chan. El estaba certo dunha cousa: tiña que ser mentres se estaba a dar clase porque, se non, todo o mundo o vería. Daquela, convocou unha asemblea co persoal do centro e díxolles que habería que facer unha listaxe das persoas que saen das clases mentres está o profesor. Tamén habería que apuntar o curso, o andar e o nome do profesor.

Alfonso estaba moi alporizado xa que ninguén achegaba pistas, nin tiña ningunha testemuña. As pintadas non estaban asinadas nin co nome, nin con ningunha outra cousa.

A segunda feira, ao rematar o horario lectivo, ás dúas e vinte e cinco, Alfonso recibe un aviso. Había unha pintada no patio. Isto si que era estaño. Porén, ocorrera outra vez. Alfonso pensou que fora alguén que tivera educación física. Aos dous minutos, chegou o profesor e díxolle quen foi. Entón Alfonso pensou que xa encontrara o culpábel, mais púxose a revisar as listaxes e esa persoa só aparecía dúas veces. No entanto, había outros dous nomes máis que se repetían. Alfonso chegou a unha conclusión: tratábase dun grupiño de tres rapaces. Mais estes eran moi silandeiros e non sería doado demostralo.

Ao día seguinte convocou os tres sospeitosos e fíxolles as preguntas adecuadas á situación. Entón unha cousa ocorreu nese lapso: outra pintada acabara de aparecer. Porén, Alfonso pensou que había máis xente. O problema chegou a se encistar tanto que, Alfonso, púxose a enxergar por todos os lugares posíbeis onde podían estar agachados os aerosois. Tiñan que estar nun lugar secreto, mais onde?

Encontrou un deles, o cuarto integrante do grupo, gardándoos. Convocou os outros tres e máis o director e o xefe de estudos. Contaron todo e dixeron tamén o porqué. Todos ficaron silandeiros, sen saber que dicir.

O director e o xefe de estudos deron parte á Xunta e agradecéronlle a Alfonso o seu labor. Alén diso, estas catro persoas foron expulsadas dúas semanas do centro e castigadas con traballos comunitarios para o centro escolar.

E así foi como Alfonso descubriu o misterio das pintadas que tiñan frases moi feas e debuxos obscenos.



## O PODER DAS ESTRELAS

**Lucía Villaverde García (3º ESO-D)**

Fonsi é un home moi normal, moi tranquilo. Poucas veces lle pasa o que lle aconteceu o outro día. Mais isto non ocorreu nun día calquera traballando no instituto, isto ocorreu nos seus soños.

Fonsi era un amante do ceo, en xeral. Adoraba pasar o seu tempo libre co seu telescopio e, polas noites, sempre se deitaba tarde, pois o Carro Pequeno (así chamaba á Osa Menor), o Setestrela, Venus, calquera astro... e por riba de todo, a Lúa, sempre as observaba uns minutos máis.

Foi xusto unha noite de plenilunio o acontecemento que cambiaría a súa vida por completo. Coma sempre,



esgotado de enxergar as constelacións, deitouse felizmente na súa cama. Non tardou en pechar os ollos (tamén porque á mañá seguinte tería que se erguer coas estrelas). Non sabía o soño que o esperaba.

*Acordou* nunha cama, si, mais non a súa. Era un tipo de cama futurista, que non vira nunca antes. Cando tentou erguerse, non había gravidade!! Tal e como o

ledes, Fonsi era un astronauta. Ser astronauta era o seu desexo dende pequeno mais, como a súa nai dicía, querer ser astronauta era contar as estrelas. É dicir, imposible. Abraiado, tentou moverse como puido, e chegou á parte onde estaba o cosmonauta, xunta todos os aparellos para pilotar a nave espacial. Aínda sen acreditar, botou unha ollada polo vidro e viu todos os luceiros que semellaban xigantes, non como dende a Terra. Sen palabras e a piques de dicirlle algo ao cosmonauta, viu como un meteoro se dirixía a unha velocidade increíble até eles. Morto de medo e sen poder facer nada, xa cando o meteoro estaba a chegar á nave espacial, espertou. Esta vez de verdade.

Dende aquel día, Fonsi deixou o seu traballo no instituto e perseguíu o seu soño de ser astronauta, porque aínda que levara semellante susto, soubo dende ese intre que era o que el realmente desexaba ser.

## MACACOS ACADÉMICOS

### Nerea Comesaña Pereira (3º ESO-E)

Soou o despertador. Eran as oito menos cuarto e segunda feira. Chamábase Alfonso e esperáballe un día moi longo. Sempre odiara o son do despertador, significaba que tiña que erguerse e ir traballar como conserxe no IES Alexandre Bóveda.


Primeiro vestiuse e logo almorzou unha cunca de cereais con leite. Logo fixo a cama e lavou os dentes. Só lle restaba coller o seu abrigo do colgadoiro. Cando xa estaba a piques de saír da casa, lembrouse de que tiña que coller as chaves. Aínda ben! De marchar sen elas tería que chamar un cerralleiro para que lle puidese abrir a porta. Isto levaría moito tempo, e non quería perdelo.

Após cinco minutos de viaxe en coche, por fin chegou ao instituto. Entrou no aparcadoiro para mestres e traballadores do centro e arrumou no sitio de sempre: en fronte do liquidámbar. O liquidámbar é unha árbore moi grande con moitas follas de cores vermellas, amarelas, verdes. Sempre ía cara a aquela zona porque gustaba de ver como mudaban de cor ao longo do ano. Alén diso, ficaba perto da entrada e así, nos días de choiva cando se esquecera do paraugas, non se mollaría tanto.

A campaña soara había moito tempo e el estaba dentro a traballar. Non era de estrañar que recibira moitas queixas por parte dos alumnos dicindo que lles desaparecía material escolar: libros (que, ao final, a maioría deles aparecían), cadernos, frautas, etc. O que si parecía estraño era que cando pechaba as portas das aulas tamén pechaba as fiestras; porén, ao día seguinte pola mañá, sempre aparecía polo menos unha aberta. Era todo un misterio. Por fin chegara a hora de xantar. Así podería ter un descanso e comer tranquilamente sen présas na súa casa. Ollou que tiña na cociña. Decantouse

por espagete. Puxo a mesa e botoulle un ollo ao xornal. Pasou as follas, e ficou coa ollada nunha noticia sorprendente: no recinto dos simios, no zoológico, atoparan varios libros, cadernos usados e archivadores. Ficou pampo, e pensou que podía ter algo que ver co que dicía o alumnado. Decidiu pescudar se esa era a razón das misteriosas desaparicións. Pensou en ficar toda a tarde no instituto, aproveitando que había clase pola tarde. Se fixese falta ficaría alí durante a noite tamén. Mentres razoaba, deuse de conta de que os espagete estaban mornos, a piques de arrefriaren de todo.

As dúas horas de clase remataron, e Alfonso puxo en marcha o seu plano. Pechou todas as fiestras e esperou a que alguén ou algo aparecese. Pasaron as horas e non puido reter o sono ... Un estrondoso ruído espertouno. Foi a correr ao lugar de onde procedía. Para a súa sorpresa, atopouse co macaco que vira no xornal. Chamou á policía, á protectora de animais e ao zoológico. Alén diso, asegurouse de que este non saíra fóra. Pronto viñeron as autoridades e levaron o animal. Para que non voltase ocorrer, aseguráranse de que se aumentase a vixilancia do zoo. Todo estaba resolto e xamais volveu desaparecer nada.



## O DETECTIVE ALFONSO

**Nuria García Medraño (3ºESO-E)**

Alfonso é un conserxe que traballa no IES Alexandre Bóveda. El é un home de máis ou menos 27 anos, alto e delgado, ten os ollos de cor castaña, o seu cabelo tamén é de cor castaña, o seu nariz é redondo e a súa pel morena. A todos os rapaces de todo o instituto cáelles ben Alfonso porque é unha persoa moi cariñosa e tranquila. Sempre ten moita paciencia e aínda que lle gasten algunhas bromas os rapaces, el aguanta. El tamén quere axudar sempre aos demais, por exemplo cando a algún alumno ou profesor lles xorde algún problema normalmente os resolve.

Un día que aparentaba ser como outro calquera, Alfonso ergueuse da cama un pouco preguiceiro. Era segunda feira e na fin de semana durmira coma un tronco, xa que estaba moi canso despois de ter solucionado unha chea de problemas. No entanto, el non sabía que este día ía ser peor que todos os da semana pasada xuntos. Para comezar o día, non puido preparar o seu almorzo porque non tiña nin leite nin café... nin nada que se lle parecese. Despois tivo que coller un autobús porque o seu coche non tiña rodas... roubaranas! Ao chegar ao instituto, as súas compañeiras Patricia e Carme estaban a esperalo cun estraño paquete na man. Nada máis darllo, Alfonso abriuno e atopou unha nota que dicía:

“Estimado Alfonso:

Gustouche o día que tiveches? ... Porque a min si.”

Entón Alfonso púxose a rir mentres dicía:

- Quen foi o gracioso, ou mellor dito, a graciosa?

- Eu non fun, poida que fosen os rapaces do instituto -responderon Patricia e Carme a coro.

- Pois alguén tivo que ser e penso descubrir quen. Sexa quen for, que estea ben atento. Estou a ter unha mañá malísima e xa estou farto de ter que aturar que os rapaces sexan tan maleducados, esta vez pasáronse da raia! Quen trouxo este paquete?

- Ninguén – dixo Carme.

- Como que ninguén? Alguén tivo que traelo. Non vai vir voando el só- dixo Alfonso.

- Non, non quero dicir iso. O que quero dicir é que alguén veu deixar o paquete aquí, encol da mesa da conserxaría, e foise antes de que ninguén viñese – dixo tranquilamente.

- O que quere dicir que ten que ser alguén do instituto porque ten que saberse os nosos horarios.

- Moi ben pensado Carme –dixo Alfonso-. E ti que pensas, Patricia? Véxote moi calada...

- Non estou moi segura porén... Non serían algúns dos rapaces que pillastes facendo das súas a semana pasada? – preguntou Patricia dubitativa.

- Pode ser... Moi ben pensado.

Despois de pensalo un bo anaco, Alfonso cría que era imposible que os rapaces soubesen o horario de apertura do instituto e, alén diso, as cousas que facían eses rapaces eran porque non lles gustaba o instituto e tamén porque eran uns



preguiceiros. Así que non parecía moi lóxico que se ergueran cedo para vir o instituto e coarse. Por outro lado, eles non teñen a chave para abrir o instituto.

De súpeto, veulle unha cousa á cabeza na que antes non caera. Non tería sido o director? El sempre viña cedo para abrir o instituto e organizalo todo. Entón Alfonso foi correndo ao despacho do director e, ao abrir a porta, atopouse cunha reunión na que o director e outras persoas estábanse a rir a gargalladas... Alfonso comprendeuno todo deseguida e entón preguntoulle ao director:

- Paréceche divertido o que fixeches?

- Si –dixo o director.

- Por que o fixeches? –preguntou Alfonso.

- Para pór a proba as túas habilidades como investigador e comprobar se eras quen de me descubrir.

- Alégrome de que foses ti porque estaba moi amolado –dixo Alfonso tranquilizándose.

- E eu por ti, es todo un detective! -dixo o director.

- Moitas grazas –dixo Alfonso.

- Non fai falla que mas deas -dixo o director.

-Adeus –despediuse Alfonso.

-Adeus, detective Alfonso! –despediuse o director cun sorriso nos beizos.

## SEMPRE SE ATOPA UNHA SOLUCIÓN

**Pedro Torres Seoane (3º ESO-E)**

Un día de xaneiro de 1986 ás dez da mañá, na conserxaría do IES Alexandre Bóveda ocorreu un feito sorprendente.

Os balóns que estaban gardados no armario da conserxaría cobraron vida e comezaron a saltar. Estaban totalmente descontrolados, facendo todo tipo de destrozos e danos aos nenos e tamén aos profesores do instituto. Mentres os balóns facían o seu, o conserxe Alfonso colleu un bate de béisbol do ximnasio e comezou a bater nos balóns fortemente para que saísen pola fiestra. Foi inútil. Aquilo era un auténtico caos con todos os balóns a chimpár por todos os recunchos do instituto. As bólas rebotaban e voltaban entrar nas aulas. O director ordenou que todos saísen ao patio, para evitar que os balóns os alcanzasen e ter máis tempo para pensar nunha solución.

Alfonso comezou a pórse moi nervioso. Ao cabo duns minutos ocorreuselle coller unhas chinchetas e pegalas ao bate, facendo que cos pinchos puidese estoupar as bólas. Entón comezou a golpear os balóns tan forte que parecía como se os matase. Funcionou!

Alfonso conseguiu estoupar todas as bólas despois duns 30 minutos sen parar. Grazas á súa idea o conserxe Alfonso salvou o instituto da catástrofe.

Unha semana máis tarde, cando todo voltou á normalidade, nese



armario da conserxaría gardaron uns libros e material escolar. Volveu pasar o mesmo. Os libros cobraron vida e comezaron a voar coma se fosen paxaros. Pasaban polas aulas aterrecendo os alumnos. O director ordenou evacuar o instituto e rapidamente chamou o conserxe para ver se os podía axudar.

Alfonso estaba na sala de profesores trocando unha lampada. Cando o avisaron ficou moi sorprendido. O instituto atopábase cheo de libros voando. Entón comezou a pensar como podería librarse dos libros. Desta vez ía precisar un chisqueiro. Con iso comezou a prender lume e os libros caían ao chan. Ardían até que se desintegraban.

De novo Alfonso salvou o instituto e como premio ía ter unhas vacacións en Mallorca!!

## O MONSTRO XELATINOSO

**Sofía Pérez Vázquez (3º ESO-E)**

Ola, voume presentar. Chámome Patricia e son conserxe do IES Alexandre Bóveda. Teño varios compañeiros e co que mellor me levo é con Alfonso. A verdade é que non sei que vos podo contar. Non é que faga nada interesante, todos os días a mesma rutina. Esperto as seis e media ,prepárome e chego ás sete e media ao instituto. Abrimos as portas antes de que ninguén estea alí, salvo algúns rapaces. Sobre as oito e media abrimos as portas para que cada un vaia á súa respectiva clase. Isto é así todos os días, agás nunha ocasión. Vouvos contar o que aconteceu. Esta é unha historia que ninguén sabe e que quizais non debería contárvola.

Era unha mañá corrente, mais algo non era moi normal. Ningún neno aparecera a pedir nada, nin unha fotocopia, nin xices... Entón, no recreo, vimos a todos os mestres aterrecidos e fomos preguntar. Dixéronnos que cada vez que mandaban un neno á conserxaría este desaparecía coma se ficasen atoados no camiño. Nós dixemos que por alí non aparecera ninguén. Comezamos a nos preocupar, por iso argallamos un plano: pintaríamos a Alfonso coma se fose un neno para ver o que pasaba, xa que ao ver que non era unha neno a “maxia” desaparecería.

Así o fixemos. Estivemos tres horas para vestilo coma un adolescente repetidor, xa que por outro non pasaría. Mercamos unha perruca, fomos mercar roupa de neno e fixemos algún arranxo. A quinta hora da mañá era o momento no que o plano sairía adiante. Todos escondémonos para albiscar o que pasaba e o que ollamos era coma se un monstro tentase xantar a Afonso. Mais non semellaba que lle fora doado. Entón, despois dun anaco deixou de tentalo e axexamos

coma se cobrase cor. Era un monstro coma de xelatina todo de cor vermella, semellaba a xelatina que xantara eu esa mañá. Entón recordei un documental que vira a noite anterior, que dicía que os monstros de xelatina coa auga se diluían e desaparecían. Así



que fun correndo ao terceiro andar e marquei a alarma de incendio. Nese intre comezou a saír auga do teito e o monstro xelatinoso comezou a disiparse. Foi nese instante no que as persoas que estaban alí ollaron como os nenos do seu interior comezaban a saír. O monstro esfumárase, mais ficara unha pegada no chan de xelatina. Esta ficou alí durante un longo tempo e ás veces os nenos esvaraban ao pasaren por alí. Mentres eu subía correndo, chegaran os medios de comunicación, xa que a nova correra por toda a vila. Comezaron a tirar fotos, facer preguntas.. A seguinte mañá saíamos na portada de moitos xornais como Sermos Galiza, O Correo Galego, O Faro de Vigo....Con titulares coma: “Patricia, a heroína do IES Alexandre Bóveda, cóntanos a súa experiencia”, “Monstro xelatinoso invade o IES Alexandre Bóveda”, “Testemuñas afirman que os monstros son reais”. E así finalizou ese día. Mais, pódovos asegurar que iso non é nada corrente na miña rutina, de feito pasou hai 7 anos e non se volveu repetir outra vez.







# IES ALEXANDRE BÓVEDA

VIGO

